

Dezaseis anos de Rotas pola Provincia "A Coruña a pé", dan para percorrer 144 lugares distintos da xeografía galega, para movilizar mais de 10.000 persoas, para facer moitos amigos, para apreciar a beleza do noso país, para concenciar do respeto e coidado do noso entorno.



En fin, un programa do que todo son virtudes e que este ano fai novas propostas variadas, que nos conducirán por terras de Ourense, A Coruña, Lugo, Pontevedra e mesmo farémonos internacionais cruzando a Raia Portuguesa polas terras do Miño.



Como sempre digo, o programa de Rotas que organizamos para veciños/as de Culleredo non ten contraindicacións, sendo apto para persoas de todas as idades, crenzas e especialmente indicado contra todos os males da nosa sociedade actual.



Propoñemos unha alternativa á TV. ao futbol, ás discotecas, que é coñecer o patrimonio histórico e natural do noso país, respirar aire puro, gozar da chuvia, facer amizades.



Faremos finalmente un esforzo sobradamente recompensado, ano a ano, polo interese que amosan os veciños, que en número maior cada ano fan con nós CAMIÑO AO ANDAR.





Asdo: Celestino Poza Domínguez

Concelleiro de Cultura

# VAGANDO CAMIÑOS

**1** **OUTUBRO - SÁBADO, 20**
AUGAS CALDAS DO RÍO MIÑO Á BEIRA DA MANSIÓN ROMANA. Ourense

**2** **NOVEMBRO - SÁBADO, 17**
CARREIROS DO ARENTEIRO E BOBORÁS. Ribadavia.

**3** **DECEMBRO - SÁBADO, 15**
CASALES E VILARES DO BARBANZA QUE DECEN NO MAR FENICIO. Area metropolitana do Barbanza.

**4** **XANEIRO - SÁBADO, 19**
CAMIÑOS ROMEIROS QUE VEÑEN DA COSTA. A mariña Luguesa

**5** **FEBREIRO - SÁBADO, 16**
REVOLTAS DO RÍO LÉREZ QUE CANTAN AO SAN BENITIÑO. Pontevedra.

**6** **MARZO - SÁBADO, 15**
A PRIMAVERA ACORDA NA FRAGA DA CORTEVELLA. Serra de Meira.

**7** **ABRIL - SÁBADO, 19**
MÁIS ALÁ DO ARNOIA. Terras de Allariz e Maceda.

**8** **MAIO - SÁBADO, 10**
ROTA DE VELLAS FERREIRÍAS ENCERRADAS NA FRAGA. O Courel.

**9** **XUÑO - SÁBADO, 7**
CAMIÑOS VERDES TRALA RAIA DO MIÑO QUE IRMANDAN DÚAS BEIRAS. Portugal.

